

MOEDAS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO en lembranza de Traxano, primeiro emperador romano hispano: 117-2017

Cinco días antes do idus do mes do mes de agosto, é dicir, o día 9, falecía en Selinunte (Sicilia), o emperador *Marcus Ulpius Traianus* Traxano (53 – 117 d.C), segundo emperador da dinastía Antoniniana - ou Ulpio-Aelia, e, sobre todo, o primeiro emperador hispano, a quen sucedería no cargo o seu sobriño *Plubius Aelius Traianus Hadrianus* - Adriano (76-138 d.C), ambos os dous nados en itálica Santiponde, Sevilla) na provincia romana da Bética.

Por tanto, e para conmemorar o 1900 aniversario da morte do primeiro e do ascenso ao trono do segundo, lembramos que este Museo posúe 54 moedas de Traxano, das que na sala 10 están expostas 26 (5 sestercios e 21 denarios). 45 da totalidade, dun total de 97, están integrados no tesouríño, exclusivamente de denarios, atopado en Monteseiro (San Bartolo, A Fonsagrada, Lugo) e adquirido / ingresado o 11 de maio de 1956, do que tamén forman parte acuñacións republicanas e dos emperadores Tiberio (14-37 d.C), Nerón (54-68), Galba (68/69), Vítelio (69), Vespasiano (69-79), Tito (79/81) e Domiciano (81/96). Neste caso, Traxano sería, por tanto, o emperador máis tardío representado neste tesouríño.

Como mostra das súas acuñacións, presentamos este exemplar, integrante do devandito tesouríño, acuñado en Roma entre os anos 98/99, con anverso no que figura o busto do emperador mirando á dereita acompañado pola inscrición nominal IMP CAES NERVA TRAIAN AVG GERM (O emperador Cesar Nerva Traxano Augusto Xermánico) mentres que no reverso se plasmou a alegoría de Vitoria alada entronizada, volta á esquerda, portado unha palma de vitoria na súa man esquerda e mostrando unha coroa triunfal na dereita. Agora a lenda é a súa titulatura honorífica: P M TR P COS II P P (Pontífice Máximo, con Potestade Tribunicia, Cónsul por segunda vez, Pai da Patria).

Máis información:

Dirección e Departamento de Arqueoloxía do MPL: direccion@museolugo.org

FICHA TÉCNICA DENARIO DE TRAXANO



Nº Orde: 09

Nº Rexistro: 2466 (11/05/1956)

Metal: Prata

Módulo: 19 mm.

Anverso: Lenda: IMP. CAES. NERVA. TRAIAN. AVG. GERM.

Tipo: Busto laureado de Traxano á dereita.

Reverso: Lenda: P.M.TR.P.COS II. P.P.

Tipo: Victoria sedente, á esquerda con coroa e palma.



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO